contrato, incluíndo os pregos de bases xurídicas e documentación complementaria, no seu caso.

Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible por medios electrónicos desde o día da publicación do anuncio no devandito perfil do contratante.

Os interesados no procedemento de licitación poderán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria cunha antelación de **dous días hábiles** antes da finalización do prazo de presentación de proposicións.

Cláusula 24. Criterios de adxudicación.

A valoración das propostas técnicas realizarase de acordo co baremo que se describe:

PUNTOS		
Criterio	Subcriterio	Avaiable mediante cifras ou porcentaxes
72		Prezo
	66	- Prezo renting
	6	- Prezo quilómetro non consumido
4	--	Prazo entrega vehículos
4	--	Prazo entrega vehículos substitución
10	--	Incremento de potencia
10	--	Outros criterios:
--	1	• Climatización
--	4	• Axuda o aparcamento-sensores de proximidade
--	0,5	• Retrovisores exteriores calefactables
--	0,5	• Retrovisores exteriores eléctricos
--	0,5	• Sensor de acendido automático de luces
--	0,5	• Mando de audio e teléfono no volante
--	1	• Control de velocidade
--	1	• Limitador de velocidade



Xacobeo 2021



--	0,25	• Identificador de sinais de tráfico
--	0,25	• Detector de cambio involuntario de carril
--	0,25	• Detector de ángulo morto
--	0,25	• Chamada de emerxencia
100	100	TOTAL

VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES: Ata 100 puntos.

1. Prezo (Máximo 72 puntos):

1.1. Prezo do renting (Máximo 66 puntos).

Valorarase a rebaixa sobre o prezo máximo fixado polo órgano de contratación no presente prego.

Ao prezo máis baixo, asignaráselle a puntuación máis alta, asignándosele ás restantes a puntuación que proceda en aplicación da seguinte fórmula:

$$P = 66 * X / Y$$

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: oferta máis baixa.

Y: oferta correspondente a cada licitador.

Criterio de oferta desproporcionada ou anormal:

Para os efectos da consideración de presunción de baixa anormal ou desproporcionada considerarase que están incursas en presunción as proposicións que se encontren nos seguintes supostos:

- Cando, concorrendo un so licitador, sexa inferior ao presuposto base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais a dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.



Xacobeo 2021



- Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética de las ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

1.2. Prezo por quilómetro non consumido: ata 6 puntos.

Valorase o prezo por quilómetro non consumido aos efectos do seu eventual reintegro a XF por defecto de quilometraxe en relación aos quilómetros estimados para o conxunto dos vehículos de 216.000 quilómetros.

Se o cómputo global é inferior aos citados 216.000 quilómetros, estimados para a duración total do contrato, o contratista aboará a XF o importe que resulte de aplicar o prezo por quilómetro non consumido ofertado ata a citada cifra de 216.000 quilómetros e ata un importe máximo de 3.000,00 euros. Se o licitador que resulte adxudicatario non oferta prezo por quilómetro non consumido, o prezo establécese en 0,03 euros ata o máximo de 3.000,00 euros.

Ao prezo por quilómetro non consumido máis alto, asignaráselle a maior puntuación, asignándosele ás restantes, a puntuación que proceda en aplicación da seguinte fórmula:

$$P = 6 * Y / X$$

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: oferta máis alta.

Y: oferta correspondente a cada licitador.

As ofertas que non oferten prezo por quilómetro non consumido, serán valoradas con 0 puntos.

2. Prazo de entrega dos vehículos (máximo 4 puntos): Valorarase a redución sobre o prazo máximo establecido da seguinte maneira:

$$P = 4 * X / Y$$

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: oferta máis baixa.

Y: oferta correspondente a cada licitador.

No suposto de realizar entregas parciais, estas ponderaranse en relación ao adianto do prazo de entrega de cada un dos vehículos.

3. Prazo de entrega de vehículo de substitución (máximo 4 puntos): Valorarase a redución do prazo máximo de 48 horas para a entrega dun vehículo de substitución por razóns de mantemento, avaría, sinistro o calquera outra non imputable a XF da seguinte maneira:

$$P = 4 * X / Y$$

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: oferta máis baixa.

Y: oferta correspondente a cada licitador.

4. Incremento de potencia (Máximo 10 puntos). Valorarase o incremento de potencia en todos os vehículos sobre o mínimo requirido de xeito agregado (agregaranse os CV adicionais ofertados unha vez ponderados en función da tipoloxía dos vehículos)) e da seguinte maneira:

Ponderaranse os incrementos de potencia ofertados de acordo cos seguintes criterios:

Ponderación da oferta máis alta:

$X_i = \text{CV tipo I} * 1$ Para o Vehículo do tipo I

$X_{ii} = \text{CV tipo II} * 0,75$ Para o Vehículo de Tipo II

$X_{iii} = \text{CV tipo III} * 0,5$ Para o Vehículo de Tipo III

$X = X_i + X_{ii} + X_{iii}$

Ponderación oferta de cada licitador

$Y_i = \text{CV tipo I} * 1$ Para o Vehículo do tipo I

$Y_{ii} = \text{CV tipo II} * 0,75$ Para o Vehículo de Tipo II

$Y_{iii} = \text{CV tipo III} * 0,5$ Para o Vehículo de Tipo III

$Y = Y_i + Y_{ii} + Y_{iii}$

Finalmente a puntuación P de cada oferta determinarase segundo a seguinte fórmula:

$$P = 10 * Y / X$$

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: oferta agregada de CV adicionais máis alta.

Y: oferta correspondente a cada licitador.

4. Outros criterios (máximo 10 puntos):

- **Climatización.** Valorarase a súa oferta con 1 punto.
- **Axuda o aparcamento-Sensores de proximidade.** Valorarase a súa oferta con 4 puntos.
- **Retrovisores exteriores calefactables.** Valorarase a súa oferta con 0,5 puntos.
- **Retrovisores exteriores eléctricos.** Valorarase a súa oferta con 0,5 puntos.
- **Sensor de acendido automático de luces.** Valorarase a súa oferta con 0,5 puntos.
- **Mando de audio e teléfono no volante.** Valorarase a súa oferta con 0,5 punto.
- **Control de velocidade.** Valorarase a súa oferta con 1 punto.
- **Limitador de velocidade.** Valorarase a súa oferta con 1 punto.
- **Identificador de sinais de tráfico.** Valorarase a súa oferta con 0,25 puntos.



Xacobeo 2021



- **Detector de cambio involuntario de carril.** Valorarase a súa oferta con 0,25 puntos.
- **Detector de ángulo morto.** Valorarase a súa oferta con 0,25 puntos.
- **Chamada de emerxencia.** Valorarase a súa oferta con 0,25 punto.

As características ofertadas dentro deste punto 4, valoraranse de xeito ponderado e agregado, do xeito seguinte: As características ofertadas para vehículos Tipo I e II ponderaranse multiplicando por 1 a puntuación asignada a cada criterio e no caso dos vehículos de tipos III ponderaranse multiplicando a puntuación asignada a cada criterio por 0,7. A puntuación obtida despois da súa ponderación e agregada finalmente dividirase por tres para obter a puntuación final de este apartado (máximo 10 puntos).

Finalmente a puntuación P de cada oferta determinarase segundo a seguinte fórmula:

$$P = 10 * Y / X$$

Onde:

P: puntuación da oferta a considerar.

X: oferta agregada de outros criterios máis alta.

Y: oferta correspondente a cada licitador.

I.5.2 GARANTÍA

Cláusula 25. Garantía definitiva.

O licitador que presente a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva. A súa contía será igual ao 5 por 100 do importe do prezo final ofertado polo licitador, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, ou, no seu caso, cando o prezo do contrato formúlase en prezos unitarios, do orzamento base de licitación. A constitución desta garantía deberá ser acreditada no prazo de dez (10) días hábiles a contar desde a recepción do requirimento.

En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 da LCSP. Dentro dos devanditos conceptos inclúese o incumprimento por parte do contratista da obriga de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 da LCSP.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 da LCSP.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarse a garantía no prazo de 15 días naturais, contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución contractual. No mesmo prazo contado desde a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía en a contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución. A estes efectos, non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión de prezos conforme ao sinalado no Capítulo II do Título III do Libro I.



Xacobeo 2021



Cláusula 26. Devolución e cancelación da garantía definitiva.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do presente contrato, se non resultaren responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, procederase á súa devolución ou cancelación.

Non se prevé no presente contrato a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía no suposto de que se contemplen no presente prego recepcións parciais.

Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato e vencido o prazo de garantía, ou seis meses no caso de que o importe do contrato sexa inferior a 100.000 euros, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento CE nº 800/2008, da Comisión do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase á devolución ou cancelación da garantía, unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 110 LCSP e sen prexuízo do disposto no artigo 65.3 do RGLCAP.

II. LICITACIÓN DO CONTRATO

II.1 NOTIFICACIÓNS TELEMÁTICAS

Cláusula 27. Notificacións telemáticas.

Todas as notificacións e comunicacións que realice XF practicaranse a través da plataforma Notific@.

Os licitadores deberán contar con sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica que lles permita recoller as notificacións na mesma aplicación.

II.2 DAS PROPOSICIÓNS

Cláusula 28. Presentación de proposicións.

De conformidade co disposto nas disposicións adicionais 15º e 16º da LCSP, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando exclusivamente medios electrónicos, enumerando unha serie de supostos que permitirían exceptuar a dita obriga xeral, entre as que non se encontra o presente procedemento.

As proposicións dos interesados deberán axustarse ao previsto no presente prego de bases xurídicas e a súa presentación supón a aceptación non condicionada polo empresario, do contido da totalidade das devanditas cláusulas sen excepción ou reserva ningunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente, ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

Variantes ou alternativas

Non se admiten variantes ou alternativas.



Xacobeo 2021



Cláusula 29. Forma e contido das proposicións.

As proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX no seguinte enderezo: www.conselleriadeconomia.es/silex.

O prazo de presentación ou envío será de **QUINCE (15) DÍAS NATURAIS**, a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, ampliándose o prazo ata o seguinte día hábil en caso de que o último día fose sábado, domingo ou festivo.

En ningún caso serán admitidas aquelas proposicións que fosen presentadas por algún medio distinto ao indicado neste apartado ou fóra de prazo de conformidade co sinalado neste prego.

Presentarase en tres **sobres ou arquivos electrónicos** de conformidade co establecido no presente prego.

Sobre electrónico A. - Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Sobre electrónico B. – Documentación de criterios avaliábles mediante cifras ou porcentaxes.

1. SOBRE ELECTRÓNICO A. Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos.

Presentarase necesaria e unicamente a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX no seguinte enderezo: www.conselleriadeconomia.es/silex, e conterá o DEUC e a declaración complementaria do Anexo II.b, segundo se especifica neste apartado e, no suposto de tratarse dunha unión temporal de empresas (UTE), o compromiso de formalización de UTE que se xunta como Anexo I, así como compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materias suficientes para elo ao que se refire o artigo 76.2 da LCSP.

Así mesmo, no seu caso, achegarase no sobre electrónico A:

- Se o licitador pretende subcontratar parte do contrato, presentará no sobre electrónico A o compromiso do subcontratista poñendo a disposición do licitador os medios que necesite para a execución do contrato se resultase adxudicatario, de conformidade co establecido no presente prego.
- Se o licitador pretende basearse na solvencia de outras entidades para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional requiridas polo prego, deberá presentar ademais no sobre electrónico A os seguintes documentos:
 - o 1) O compromiso por escrito asinado polo licitador e a empresa que demostre que o licitador vai dispoñer dos recursos necesarios durante toda a execución do contrato, conforme ao modelo do Anexo V do prego. .
 - o 2) O DEUC da empresa ou empresas en cuia solvencia se basee, debidamente asinado por esta ou estas.
 - o 3) A declaración responsable complementaria do Anexo II.b debidamente asinada por dita empresa ou empresas.
- Empresas vinculadas. Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán



Xacobeo 2021



presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran nalgún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran.

Os requisitos de personalidade, capacidade, solvencia económica, financeira e técnica requiridos, e sobre os que versa a declaración do Anexo II (DEUC e declaración complementaria), son os que se establecen no Anexo IV.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no Anexo IV.

O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituíndo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se encontra en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia).

Pode accederse a el en formato electrónico en <https://visor.registrodelicitadores.gob.es/home>. O formulario, dispoñible en castelán, poderá nese sitio cubrirse e imprimirse para enviar ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

Tamén pode accederse ao formulario DEUC na páxina web da consellería de Facenda da Xunta de Galicia, na epígrafe da Xunta consultiva de contratación administrativa, en formato .odt:

-versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

-versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/é/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Para facilitar a súa formalización, o ANEXO II.a contén instrucións para a elaboración do formulario DEUC.

Os datos que figuren nun Rexistro de licitadores, non deberán reiterarse no DEUC.

En todo caso o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá requirir, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

2. SOBRE ELECTRÓNICO B. Documentación de criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

O sobre electrónico B presentárase presentarse necesaria e unicamente a través do Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX no seguinte enderezo: www.conselleriadefacenda.es/silex, e conterá a oferta dos criterios avaliados mediante cifras ou



porcentaxes, que deberá axustarse estritamente ao modelo que figura como "**ANEXO III. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES**", ao presente prego, e estar asinada polo licitador ou persoa que o represente.

Ademais, presentarase no sobre electrónico B os catálogos dos vehículos

Na proposición económica deberá indicarse o prezo da oferta e, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido que deba ser repercutido.

Cando a proposición sexa presentada por unha unión temporal de empresas deberá estar necesariamente asinada polos representantes de cada unha das empresas que constitúan a unión temporal.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta, sen prexuízo de que poida presentar variantes ou alternativas técnicas de acordo co sinalado no presente prego. Tampouco poderá subscribir ningunha en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

Na proposición os licitadores han de manifestar expresamente se tiveron en conta na elaboración das súas ofertas as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais, e protección do medio.

Cláusula 30. Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)

O contrato licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX). A súa utilización permite a presentación de ofertas, o envío e recepción de documentos e a sinatura electrónica do contrato

O Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), está regulada pola Orde de 28 de xullo de 2010.

1. Modo de acceso: www.conselleriadefacenda.es/silex

2. Requisitos dos licitadores:

Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas pola consellería de Facenda. A relación dos certificados admitidos pódese consultar no seguinte enlace: <http://www.conselleriadefacenda.es/servizos-e-tramites/ov-perceptores/certificados-electronicos-admitidos>

3. Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas

a. Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado "Axuda" da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex.

b. A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.

- c. Toda a documentación presentada será asinada dixitalmente polo propio SILEX mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.
- d. Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES). Para a correcta sinatura dos documentos en formato PAdES, a Administración por á disposición dos licitadores a aplicación gratuíta SDX-II que permite a sinatura dos documentos pdf de acordo co estándar de sinatura PAdES. A aplicación SDX-II pódese descargar dende a páxina principal do SILEX.

4. Documentación.

A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no RXC-Galicia e/ou no ROLECSP, aos únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

Se o interesado oponse á consulta da documentación ou, se non fose posible realizar a consulta a outras entidades ou organismos diferentes do licitador pola Mesa ou polo Órgano de Contratación, o interesado deberá achegar a mesma.

Se a documentación que se achegue fóra xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte do órgano de contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto en:

- o Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- o Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade, e solvencia esixidos no seu caso, para contratar será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para elo. A tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expedientes, cifradas e fragmentadas.

As ofertas enviaranse libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura e será responsabilidade dos licitadores velar por que isto así sexa. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido

Cláusula 31. Cualificación da documentación presentada, valoración e apertura de proposicións.

A apertura dos arquivos electrónicos que conteñen as proposicións farase pola orde que proceda de conformidade co establecido no artigo 145 da LCSP en función do método aplicable para valorar os criterios de adxudicación establecidos nos pregos.

As aperturas públicas anunciaranse convenientemente no perfil do contratante de XF.

1. A mesa de contratación

A apertura farase pola mesa de contratación.

A **mesa de contratación** estará constituída por un Presidente, un Secretario e tres vogais. Considerarase que a mesa está validamente constituída cando estea integrada por, al menos, tres membros, entre os que necesariamente haberán de estar o Presidente e o Secretario.

Os contratos dos poderes adxudicadores que non teñen a condición de Administracións Públicas réxense polo disposto no Título I do Libro Terceiro da LCSP na súa preparación e adxudicación. Así mesmo, a preparación e adxudicación dos contratos suxeitos a regulación harmonizada rexeranse polas normas establecidas nas Seccións 1.^a e 2.^a do Capítulo I do Título I do Libro II da LCSP. Por outra parte, as mesas de contratación encóntranse reguladas no Capítulo II do Título I do Libro IV da LCSP, non sendo de aplicación a XF.

XF, en aplicación do principio de transparencia que debe rexer a contratación pública, intenta, dentro da limitada dispoñibilidade de recursos persoais dos que dispón, regular as súas mesas de contratación seguindo os principios establecidos para as AAPP. Por elo, e debido ás citadas limitacións, intentarase fomentar a non participación nas mesas de contratación do persoal que participase na redacción da documentación técnica do contrato e, de non ser posible, intentarase que a súa participación o sexa actuando como secretario da Mesa, que ten voz pero non voto..

A mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada exercerá, entre outras que se lle atribúan, as seguintes funcións:

- a) A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141 da LCSP, e, no seu caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten o devandito cumprimento, previo trámite de corrección.
- b) A valoración das proposicións dos licitadores.
- c) No seu caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, previa tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 da LCSP.
- d) A proposta ao órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, segundo proceda de conformidade co prego de bases xurídicas que rexa a licitación.

As mesas de contratación poderán solicitar o asesoramento de técnicos ou expertos independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. A dita asistencia será autorizada polo órgano de contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades dos técnicos ou expertos asistentes, á súa formación e á súa experiencia profesional.

2. Exame e cualificación da documentación incluída no sobre electrónico A

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación reunirse en acto privado para cualificar o DEUC, a declaración complementaria do Anexo II.b e o resto da documentación e, se observara defectos ou omisións emendables na documentación presentada comunicarao aos interesados e notificarallo por escrito por medio de correo electrónico á dirección que o licitador indique para os efectos dese tipo de notificacións, concedendo un prazo de TRES (3) DÍAS para que os corrixan.

3. Exame e cualificación da documentación incluída no sobre electrónico B

A mesa de contratación, constituída para o efecto no acto público de apertura de proposicións dos criterios avaliábles mediante cifras ou porcentaxes, no lugar, data e hora sinalados, procederá á apertura das ofertas.

Finalizado o acto de apertura de proposicións, o presidente da mesa convidará aos licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas en relación co acto celebrado, informándoos, en caso de producirse estas, da posibilidade de presentar reclamacións escritas ante o órgano de contratación, no prazo máximo de dous días hábiles.

A continuación, darase por concluído o acto público de apertura de proposicións, de cuxo desenvolvemento deixárase constancia na acta da reunión da mesa de contratación.

II.3 PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, ADXUDICACIÓN E PERFECCIÓN E FORMALIZACIÓN

Cláusula 32. Efectos da proposta de adxudicación. Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación por XF.

A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte a XF, mentres non se formalice o contrato.

A mesa de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas para posteriormente elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación

Para realizar a citada clasificación, atenderase aos criterios de adxudicación sinalados no prego, podéndose solicitar para iso cuantos informes técnicos estívese pertinentes.

Se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación, ou no seu defecto, o órgano de contratación, tivese indicios fundados de condutas colusorias no procedemento de contratación, no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, trasladaraos con carácter previo á adxudicación do contrato á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, no seu caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, a efectos de que a través dun procedemento sumarísimo se pronuncie sobre aqueles. A remisión dos devanditos indicios terá efectos suspensivos no procedemento de contratación. Se a remisión realízase a mesa de contratación dará conta diso ao órgano de contratación.

De conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. A desistencia do procedemento deberá estar fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

Cláusula 33. Adxudicación do contrato

A adxudicación do contrato correspóndelle ao consello de administración de XF, que é o órgano de contratación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presentase a mellor oferta, de



Xacobeo 2021



conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a mellor oferta é a que incorpora o prezo máis baixo, sen prexuízo da aplicación de criterios para a determinación de ofertas anormalmente baixas. A adxudicación utilizando unha pluralidade de criterios farase en base á mellor relación calidade-prezo.

Unha vez aceptada a proposta polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 DÍAS HÁBILES, a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, se non se achegou con anterioridade, e sen prexuízo de que o órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos antes, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato, presente:

- A) A documentación xustificativa das circunstancias ás que se refire o Anexo IV e sobre as que versa o DEUC e a declaración responsable do Anexo II.b, tanto do licitador como daqueloutras empresas a cuxas capacidades se recorra.
- B) Compromiso de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.
- C) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social.
- D) Documento acreditativo da constitución, a disposición do órgano de contratación, da garantía definitiva.
- E) Escritura pública de constitución de Unión Temporal de Empresas, debidamente inscrita no rexistro correspondente, cando o adxudicatario tivese tal condición.
- F) Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar ou da súa efectiva disposición dos medios que se comprometeran a dedicar ou a adscribir a execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP que lle reclame o órgano de contratación.

Cando o empresario estea inscrito no ROLECSP, no RXC-Galicia ou figure nunha base de datos nacional dun Estado membro da Unión Europea, como un expediente virtual da empresa, un sistema de almacenamento electrónico de documentos ou un sistema de precualificación, e estes sexan accesibles de modo gratuíto para os citados órganos, non estará obrigado a presentar os documentos xustificativos ou outra proba documental dos datos inscritos nos referidos lugares, sendo unicamente necesario a manifestación expresa por parte do licitador da súa inscrición no Rexistro ou base de datos correspondente.

A inscrición no ROLECSP ou no RXC-Galicia eximirá aos licitadores inscritos, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, da presentación nas convocatorias de contratación das condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e clasificación, así como da acreditación da non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar naquel.

De acordo co disposto no artigo 139.1 da LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recolleitos no ROLECSP, no RXC-Galicia ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.

Polo tanto, naqueles casos nos que non resultase esixible a obriga de figurar inscrito no ROLECSP ou no RXC-Galicia, en aplicación ao disposto na disposición transitoria terceira da LCSP, ou cando algún dos datos ou documentos non constasen inscritos nos referidos Rexistros, a mesa de contratación deberá requirir ao empresario que presentase a mellor oferta, así como a todas as empresas integrantes da UTE.

Presentada a documentación e, nos casos en que resulte preceptiva, previa fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención, nun prazo non superior a 5 días naturais, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, á súa formalización. En caso contrario, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71 da LCSP, e efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o prazo de 10 días hábiles para presentar a documentación que lle sexa requirida.

A adxudicación notificarase aos licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais.

A notificación e a publicidade deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e entre ela en todo caso deberá figurar a seguinte:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitiu a súa oferta, incluídos, nos casos contemplados no artigo 126, apartados 7 e 8, os motivos da decisión de non equivalencia ou da decisión de que as obras, as subministracións ou os servizos non se axustan aos requisitos de rendemento ou ás esixencias funcionais; e unha desagregación das valoracións asignadas aos distintos licitadores, incluíndo ao adxudicatario.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición dos adxudicatarios determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato conforme ao apartado 3 do artigo 153 da LCSP.

O órgano de contratación poderá declarar deserta a licitación, no seu caso, a proposta da mesa de contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

De conformidade co disposto no artigo 147.2 da LCSP, o empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade no cadro de persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no cadro de persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal de cada unha das empresas.
- c) De conformidade co establecido no artigo 67.4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de



febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG nº 32, do 18 de febreiro), aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, tivera obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), terá preferencia na adxudicación, sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

- d) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal de cada unha das empresas.
- e) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

Aos efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

O órgano de contratación adxudicara o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Cláusula 34. Perfección e formalización do contrato.

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 44 da LCSP, o contrato formalizarase en documento privado non antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos.

Os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a cinco días naturais a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxera recurso que leve aparelada a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederá cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Nos restantes casos, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no artigo 151 da LCSP.

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha Unión Temporal de Empresarios, dentro do prazo de formalización do contrato e como condición para a súa sinatura, o adxudicatario deberá achegar á unidade tramitadora, orixinal ou copia notarial da escritura pública de constitución desta e copia autenticada do Número de Identificación Fiscal asignado á Unión.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado, XF esixirá o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, de conformidade co establecido no presente prego.

O contrato poderá formalizarse en escritura pública se así o solicita o contratista, correndo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento. Neste caso, o contratista deberá entregar a XF unha copia lexitimada e unha simple do citado documento no prazo máximo dun mes desde a súa formalización.

III.EXECUCIÓN DO CONTRATO.

III.1 DEREITOS E OBRIGAS DO CONTRATISTA

III.1.1 ABONOS AO CONTRATISTA E RÉXIME DE PAGAMENTOS

Cláusula 35. Valoracións e aboamentos

O contratista ten dereito ao abono, con arranxo aos prezos convidados, das subministracións e, no seu caso, instalación, que realmente execute con suxeición ao contrato outorgado, ás súas modificacións aprobadas e ás instrucións dadas por XF, sendo a forma de pagamento e a súa periodicidade as indicadas no presente prego.

O aboamento do importe do contrato resultante da presente licitación, efectuarase polo órgano de contratación á presentación das facturas correspondentes, logo de conformidade polo responsable do contrato designado por XF.

O pagamento realizarase por meses vencidos, sendo o importe mensual o resultante de dividir o prezo ofertado polo licitador entre corenta e oito meses ou fracción. XF liquidará e aboará o prezo do contrato por meses vencidos, e previa presentación de factura por parte da empresa que resulte adxudicataria, que deberá cumprir con todos os requisitos esixidos na lexislación fiscal vixente, e aboarse aos TRINTA (30) días seguintes da data da factura, previa conformidade da mesma polo responsable designado por XF. Nos importes indicados no presente contrato, o IVE vixente indicárase como partida independente.

Xunto coas facturas, o adxudicatario entregará a XF, se no se opón á súa consulta por esta última, certificado de encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias, expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria durante os doce (12) meses anteriores ao pagamento da factura, solicitado conforme ao modelo que a Axencia Estatal de Administración Tributaria dispón aos efectos do artigo 43.1.f da Lei Xeral Tributaria (Modelo 01 C), así como o correspondente certificado de encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias, expedido pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) facendo constar como pagador a XF, S.A. CIF: A15643687.

As facturas presentaranse no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, indicando o número de expediente de contratación. Na páxina web da consellería de Facenda (https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/) dispón de toda a información necesaria para a presentación de facturas en formato Facturae.

Códigos DIR:

OFICINA CONTABLE	ORGANO XESTOR	UNIDADE TRAMITADORA
717-XENETICA FONTA,S.A.	717-XENETICA FONTA,S.A.	717-XENETICA FONTA,S.A.

III.1.2 ESIXENCIAS AO CONTRATISTA.

Cláusula 36. Obrigas, gastos e impostos esixibles ao contratista.

O contrato executarase con suxeición ás cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista XF.

Son de conta do contratista os gastos e impostos, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan en orde á execución do contrato. Así mesmo, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e



Xacobeo 2021



desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE e calquera outros que puidesen derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos, para todos os efectos, os tributos de calquera índole que graven os diversos conceptos.

Con todo, en todo caso, na oferta económica, indicárase como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

III.1.3 DISPOSICIÓNS LABORAIS E SOCIAIS E DE TRANSPARENCIA

Cláusula 37. Obrigas laborais, sociais e de transparencia.

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 31/1995, do 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, e do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación, aínda que en todo caso, o adxudicatario estará obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao convenio colectivo sectorial de aplicación.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, o adxudicatario do contrato está obrigado a facilitar a XF, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas na citada norma.

III.1.4 CONFIDENCIALIDAD E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Cláusula 38. Obriga de confidencialidade.

En relación coa confidencialidade será de aplicación o disposto no artigo 133 da LCSP.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle deu o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Esta obriga manterase o prazo de 5 ANOS desde o coñecemento da referida información.

Non se poderá divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designasen como confidencial, e así fose acordado polo órgano de contratación. A estes efectos, os licitadores deberán indicar na súa oferta a relación de documentación para os que propoñan ese carácter confidencial, fundamentando o motivo de tal carácter.

Cláusula 39. Datos de carácter persoal.

1. RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

En cumprimento do establecido no Regulamento 2016/679, de 27 de abril, xeral de protección de datos (en adiante RXPd), no que non quede derogado pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante LOPd), infórmase de que os datos persoais que se faciliten para a participación no presente procedemento de contratación serán



Xacobeo 2021



tratados por **XF, responsable do tratamento**, con enderezo a estes efectos en FONTAO-ESPERANTE-27210 LUGO, onde os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso os de oposición e limitación do tratamento, dirixindo solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI do apoderado.

2. CONSENTIMENTO DE TRATAMENTO DE DATOS.

Mediante a participación neste procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o tratamento dos mesmos coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento de contratación e autorizan a súa comunicación a entidades financeiras, facenda pública, diarios oficiais, organismos subvencionadores e outras administracións públicas competentes na materia, se ben non se prevén comunicacións a terceiros países.

Os datos que se proporcionen manteranse durante o prazo de tempo en que poidan nacer acción derivadas do procedemento de contratación e durante o prazo legalmente previsto.

No caso de que os licitadores facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, previamente á súa inclusión, deberán informar aos titulares dos mesmos dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores, absténdose de incluílos no caso de non obter o seu consentimento.

3. ENCARGADO DO TRATAMENTO.

Se o adxudicatario deste procedemento, durante a vixencia do contrato, tivese acceso a datos de carácter persoal contidos en ficheiros cuxa titularidade corresponde a **XF**, terá a consideración de encargado do tratamento aos efectos do disposto no artigo 28 do RXPd, e obrigase:

- A dar cumprimento á normativa vixente sobre protección de datos, en especial ao disposto no artigo 28 do RXPd. O responsable do tratamento poderá, en calquera momento, esixir ao encargado do tratamento, xustificación documental do cumprimento da mencionada normativa.
- A utilizar os datos persoais aos que poida ter acceso, coa única finalidade dar cumprimento ao obxecto do contrato. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins distintos ou para intereses propios.
- A tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.
- A non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles.
- O encargado do tratamento non poderá subcontratar o obxecto do presente contrato, salvo autorización expresa do responsable do tratamento. En caso de autorizarse a subcontratación, previamente a iniciarse a mesma, deberá esixir aos subcontratistas as mesmas medidas de seguridade contempladas no presente contrato, obténdose de subcontratar a aquelas entidades ou profesionais que non ofrezan garantías para aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas.
- Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente contrato, mesmo despois de que finalice o contrato.
- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informárselles convenientemente.
- Manter a disposición do responsable do tratamento a documentación acreditativa do



cumprimento da obriga establecida no apartado anterior.

- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.
- Comunicar por correo electrónico á dirección administracion@xeneticafontao.com cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos ante o encargado do tratamento. A comunicación realizarase de forma inmediata e, en ningún caso, máis alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntamente, no seu caso, con outra información que poida ser relevante para resolver a solicitude.
- Notificación de violacións da seguridade dos datos persoais das que teña coñecemento a través da dirección de correo electrónico administracion@xeneticafontao.com, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.
- Devolución ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución comporta o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

O responsable do tratamento responderá persoalmente das infraccións en que puidese incurrir no caso de que destine os datos de carácter persoal a outra finalidade, comuníqueos a un terceiro ou os utilice de forma irregular, así como cando non adopte as medidas de seguridade establecidas polo RXDP.

4. SEGURIDADE DOS DATOS

A aplicación e/ou sistemas nos que se leven a cabo tratamentos de datos de carácter persoal, deberán cumprir en todo momento a normativa vixente sobre protección de datos persoais que resulte de aplicación e, especialmente, a LOPD. Deberá cumprir todas as medidas técnicas e organizativas encamiñadas a garantir a seguridade dos ficheiros automatizados. As devanditas medidas encóntranse recollidas na disposición adicional primeira da LOPD.

En todo caso, XF resérvase o dereito de solicitar á/s empresa/s que resulte/n adxudicataria/s, antes da sinatura do contrato ou durante a súa execución, a achega dunha descrición técnica das medidas de seguridade do software destinado ao tratamento automatizado de datos de persoal, todo elo coa finalidade de comprobar o cumprimento das medidas establecidas ao efecto na LOPD.

O licitador que resulte adxudicatario virá obrigado a efectuar as actualizacións e/ou modificacións que sexan necesarias, encamiñadas a dar cumprimento ás esixencias normativas sobre protección de datos persoais.

O adxudicatario e o seu persoal durante a realización do obxecto do contrato, estarán suxeitos ao estrito cumprimento dos documentos de seguridade de XF.

III.1.5 RESPONSABILIDADES: SEGUROS

Cláusula 40. Responsabilidades: Seguros.

A empresa adxudicataria asumirá todos os riscos, danos e perdas incluídos, que se poidan derivar da execución do contrato obxecto da presente contratación, agás os debidos a forza maior e non imputables a esta.

No caso de que a empresa adxudicataria non realice a prestación en todo ou en parte,



Xacobeo 2021



correspondéndolle a ela a responsabilidade segundo o establecido no parágrafo anterior, deberá indemnizar a XF polos danos e perdas causados.

Así mesmo, será de conta da empresa adxudicataria calquera dano ou perda que se puidera causar ás persoas ou ás cousas por mor da prestación do obxecto desta contratación, respondendo directamente polos danos causados polos seus empregados por acción, omisión ou negligencia, sen prexuízo de poder repercutir XF contra a empresa adxudicataria por calquera cantidade que sexa obrigada a satisfacer no caso de non chegarse a acordo entre a empresa adxudicataria e os interesados.

Aos efectos de garantir a súa responsabilidade ante XF e terceiros polos danos e perdas que se poidan causar durante a prestación do contrato, a empresa adxudicataria asegurará estes extremos mediante unha póliza de responsabilidade civil xeral e patronal na que o sublímite por vítima e sinistro non será inferior a cen mil euros (100.000,00 €).

III.2 SUBCONTRATACIÓN.

Cláusula 41. Subcontratación.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a realización das prestacións cos requisitos e alcance que establece a LCSP.

En todo caso, o licitador deberá comunicar anticipadamente e por escrito á entidade contratante as prestacións que serán subcontratadas (**Anexo VI**), sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade do subcontratista. Para iso o adxudicatario deberá xustificar debidamente a aptitude do subcontratista para a execución da prestación por referencia elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia na execución destes traballos. Neste caso o licitador deberá achegar **no sobre electrónico A un compromiso do subcontratista poñendo a disposición do licitador os medios que necesite para a execución do contrato se resultase adxudicatario**, así como unha declaración do subcontratista de que non se encontra incurso en prohibición para contratar de acordo co artigo 71 do LCSP.

No ámbito da presente contratación, aquelas entidades que presenten oferta, non poderán figurar como subcontratistas doutra empresa ou UTE. Enténdese que prestou o seu consentimento á subcontratación, cando o/s licitador/es presente/n no sobre electrónico A un compromiso para a execución da parte do contrato correspondente ao expediente de referencia, asinado e selado pola primeira e así o indiquen no Anexo II. Neste suposto, a oferta presentada individualmente pola empresa que prestou o seu compromiso a outro/s licitador/es quedará automaticamente excluída do procedemento.

No caso contrario, no que un licitador estableza a intención de subcontratar unha parte do obxecto do contrato cunha empresa que presentou oferta individualmente sen o consentimento desta última, e constatado por XF tal extremo, a oferta presentada polo licitador quedará automaticamente excluída do procedemento.

III.3 EXECUCIÓN DO CONTRATO

III.3.1 RISCO E VENTURA.

Cláusula 42. Risco e ventura.

Non se poderá iniciar a execución do contrato sen a súa previa formalización.

A execución do contrato realizarse a risco e ventura do contratista, segundo o disposto no artigo 197 da LCSP.



Xacobeo 2021



O contratista será responsable de obter as cesións, permisos e autorizacións dos titulares das patentes, modelos, marcas de fabricación, dereitos de propiedade intelectual e licenzas que, se é o caso, resulten necesarias, correndo do seu cargo o aboamento das indemnizacións que puidesen resultar. Así mesmo, será responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial ou/e intelectual, debendo indemnizar, se é o caso, a XF por todos os danos e prexuízos que para esta puidesen derivarse.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

III.3.2 CUMPRIMENTO DO CONTRATO.

Cláusula 43. Entrega dos bens.

O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto da subministración nun prazo máximo de 60 días a contar dende a sinatura do contrato de adxudicación na sede da sociedade Xenética Fontao, S.A. sita en FONTAO-ESPERANTE-27210 LUGO, de conformidade coas prescricións técnicas e bases xurídicas que rexen o contrato.

Calquera que sexa o tipo de subministración, o adxudicatario non terá dereito a indemnizacións por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega a XF, salvo que esta incorrese en mora ao recibilos.

Cando o acto formal da recepción dos bens sexa posterior á súa entrega, XF será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que medie entre unha e outra.

III.3.3 EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA.

Cláusula 44. Execución defectuoso e demora.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo fixado para a súa realización, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva no seu caso.

Se as subministracións sufriren un atraso na súa entrega, e sempre que o mesmo non for imputable ao contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo, dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor, de acordo co establecido no artigo 195.2 da LCSP, regulándose os requisitos e trámites conforme ao artigo 100 do RGLCAP. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

Naqueles supostos en que os contratos de subministracións non sexan prestacións sucesivas, de conformidade co disposto no artigo 29.3 da LCSP cando se produza demora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen prexuízo das penalidades que no seu caso procedan, resultando aplicable o previsto nos artigos 192 e seguintes da LCSP.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, XF poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de **0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído.**

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou

acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste último caso, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

Así mesmo, XF terá as mesmas facultades cando a demora no cumprimento dos prazos parciais no seu caso, faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.

Nos supostos de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso ou de demora na execución en que non estea prevista penalidade ou en que estándoo a mesma non cubrira os danos causados a XF, esixirase ao contratista a indemnización por danos e prexuízos

III.3.4 MODIFICACIÓN E SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Cláusula 45. Modificación do contrato.

Os contratos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma establecidos na presente cláusula e na LCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 da LCSP e coas particularidades previstas no artigo 207.

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións neste se así estivera previsto nos pregos e, excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205 da LCSP.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153, e deberán formalizarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.

1. Modificacións previstas.

De conformidade co artigo 204.1 da LCSP os contratos poderán modificarse durante a súa vixencia ata un máximo do vinte por cento do prezo inicial.

En ningún caso as modificacións poderán alterar a natureza global do contrato inicial. En todo caso, entenderase que é unha alteración a substitución das subministracións contratadas por outros diferentes ou a modificación do tipo de contrato. Non se entenderá que se altera a natureza global do contrato cando se substitúa algunha unidade de subministración puntual, nos termos establecidos no artigo 204.2 LCSP.

As modificacións non poderán supoñer o establecemento de prezos unitarios non previstos no contrato.

O presente contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sostibilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de insuficiencia orzamentaria sobrevida e persistente para o financiamento dos servizos públicos correspondentes.

Entenderase que a insuficiencia orzamentaria é persistente se se produce durante dous trimestres consecutivos.

A insuficiencia orzamentaria considerarase sobrevida cando:

- ✓ Se produza un descenso nas transferencias recibidas da administración autonómica respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións



contratadas.

- ✓ Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes. Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- ✓ Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria pola administración autonómica que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais, entendendo por tales os de difusión de radio e televisión e os de telecomunicacións en xeral.

As modificacións poderán ter por obxecto unha redución do volume das obrigas.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

2. Modificacións non previstas

As modificacións non previstas no presente prego ou que, sendo previstas non se axusten ao establecido no punto 1, só poderán realizarse cando a modificación cumpra ambos os dous seguintes requisitos:

- Que se xustifique por algún dos supostos que se relacionan a continuación.
- Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Os supostos que eventualmente se contemplan para xustificar unha modificación non prevista son a necesidade de engadir prestacións adicionais (illada ou conxuntamente con outras modificacións, ata o máximo do 50% do prezo inicial do contrato, IVE excluído), por circunstancias sobrevidas e imprevisibles (illada ou conxuntamente con outras modificacións, ata o máximo do 50% do prezo inicial do contrato, IVE excluído) e modificacións non substanciais (illada ou conxuntamente con outras modificacións, ata o máximo do 15% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, se se trata de contratos de obras, e do 10% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, nos demais contratos, ou ben que supere os umbrais que en función do tipo de contrato resulten de aplicación), todo elo de conformidade co establecido no artigo 205 da LCSP

As modificacións non previstas acordadas polo órgano de contratación, serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non supere o 20% do prezo inicial do contrato. Cando supere o referido 20%, a modificación requirirá do acordo por escrito do contratista ou, de non haber acordo, resolverase o contrato de conformidade co establecido no artigo 211.1 da LCSP.

No concernente á formalización, publicación e réxime das modificacións, estarase ao disposto na LCSP, así como ao disposto regulamentariamente.

De conformidade co disposto no artigo 301.2 da LCSP, no contrato de subministracións en que a determinación do prezo se realice mediante prezos unitarios, poderase incrementar o número de unidades a subministra ata a porcentaxe do 10% do prezo do contrato, a que se refire o artigo 205.c)3º, sen que sexa preciso tramitar o correspondente expediente de modificación, sempre que así se establecera no presente prego e se acreditara o correspondente financiamento no expediente orixinario do contrato.

No presente contrato, a posibilidade de incrementar o número de unidades ata o 10% do prezo do contrato non foi contemplada e, polo tanto, non foi incluída no valor estimado da licitación.

Cláusula 46. Suspensión do contrato.

XF, por razóns de interese público, poderá acordar a suspensión da execución do contrato. Igualmente, procederá a suspensión do contrato se se dese a circunstancia sinalada no artigo 198.5 da LCSP. Aos efectos da suspensión do contrato estarase ao disposto no artigo 208 da LCSP, así como nos preceptos concordantes do RGLCAP.

De conformidade co disposto no 208 da LCSP, se XF acordase a suspensión do contrato ou aquela tiver lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 LCSP, XF abonará ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este polo importe acreditado fidedignamente en relación aos conceptos establecidos no referido artigo.

III.4 EXTINCIÓN DO CONTRATO.

III.4.1 RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Cláusula 47. Resolución do contrato.

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211 e 306 da LCSP, así como as previstas ao longo do presente prego.

Ademais, no ámbito da presente contratación, establécese expresamente que no suposto de que o órgano de contratación non previse penalidades polo incumprimento do compromiso de adscripción de medios persoais ou materiais, das condicións especiais de execución e dos criterios de adxudicación, tendo **estes dous últimos carácter do obrigas contractuais esenciais**, o dito incumprimento será causa de resolución do contrato.

De conformidade co disposto no artigo 211.2 da LCSP, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecese con prioridade no tempo.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de conformidade co disposto no artigo 212.1 da LCSP mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.

Cando o contrato resólvase por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a XF os danos e prexuízos ocasionados no que excedan do importe da garantía incautada. A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista levarase a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para o investimento proxectado e aos maiores gastos que ocasione a XF.

Para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto no artigo 212 da LCSP e para os seus efectos ao disposto nos artigos 213 e 307 da LCSP, así como no seu caso, ao disposto no desenvolvemento regulamentario.

III.4.2 DA TERMINACIÓN DO CONTRATO

III.4.3 TERMINACIÓN DO CONTRATO

Cláusula 48. Terminación do contrato

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando, transcorrido o prazo de vixencia total do contrato, aquel realizase, de acordo cos termos do mesmo, e a satisfacción de XF, a totalidade do seu



obxecto.

Cláusula 49. Recepción do obxecto do contrato.

Dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato procederase, mediante acto formal, á recepción dos bens obxecto da subministración.

Se os bens atópanse en bo estado e con arranxo ás prescricións técnicas, o persoal designado por XF daraos por recibidos, levantándose a correspondente acta, que deberá ser asinada polos concorrentes á recepción, comezando entón o prazo de garantía.

Se os bens non se achan en estado de ser recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que se emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Cláusula 50. Liquidación do contrato

Dentro do prazo de trinta días a contar desde a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse no seu caso e cando a natureza do contrato esíxao, e ser notificada ao contratista, a liquidación correspondente do contrato, e abonárselle, no seu caso, o saldo resultante. Con todo, se se recibe a factura con posterioridade á data en que ten lugar a dita recepción, este prazo de trinta días contarase desde a súa correcta presentación polo contratista no rexistro correspondente nos termos establecidos na normativa vixente en materia de factura electrónica.

Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

III.4.4 PRAZO DE GARANTÍA

Cláusula 51. Prazo de garantía

O prazo de garantía da presente contratación será de 6 MESES a contar desde a data da recepción ou conformidade.

Durante o devandito prazo, a garantía definitiva responderá dos conceptos sinalados no artigo 110 LCSP, que resulten de aplicación.

No caso de que houbera recepcións parciais, o prazo de garantía das partes recibidas comezará a contarse desde as datas das respectivas recepcións parciais.

III.4.5 FACULTADES DE XENÉTICA FONTAO, E RECURSOS

Cláusula 52. Facultades de XF.

Dentro dos límites, e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a facultade de interpretar os contratos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese públicos, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Terá así mesmo a facultade de modificar o contrato por razóns de interese público, dentro, en todo caso, dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no presente prego e na LCSP.

Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites

establecidos na LCSP para cada tipo de contrato. En ningún caso as ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais emprazamentos nos que o contratista desenvolva a súa actividade, salvo que tales emprazamentos e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato, extremos que deberán quedar xustificados de forma expresa e detallada no expediente do contrato.

Cláusula 53. Recursos

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de XF, poderán ser obxecto de recurso especial en materia de contratación, de conformidade co disposto no artigo 44.1 da LCSP, non procedendo a interposición de recursos ordinarios. Este recurso interporase ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (<https://tacgal.xunta.gal>) sendo a ligazón para a presentación do recurso especial por medios electrónicos o seguinte: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>.

A interposición do recurso especial en materia de contratación terá carácter potestativo, e poderá interpoñerse nos prazos e forma indicados nos artigos 50 e 51 da LCSP

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos de XF que non reúnan os requisitos do artigo 44. 1 da LCSP poderán impugnarse en vía administrativa de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o titular da Consellería do Medio Rural.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación dos contratos.

A orde xurisdiccional civil será competente para resolver as cuestións referidas aos efectos, cumprimento e extinción dos contratos de XF.

IV. SUBMISIÓN AO FORO

Cláusula 54. Submisión ao foro

Con renuncia expresa de calquera outro foro que lles puidese corresponder, as partes sométense expresamente nos conflitos derivados do presente contrato, á xurisdición correspondente aos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela.

V. CLÁUSULA DE PREVALENCIA

Cláusula 55. Cláusula de prevalencia

No suposto de que existan discrepancias entre os pregos escritos en galego e os escritos en castelán, prevalecerá o disposto nos pregos escritos en galego

VI. RELACIÓN DE ANEXOS DO PREGO

ANEXO I.- MODELO DE COMPROMISO DE FORMALIZACIÓN DE UTE

ANEXO II.a. ORIENTACIÓN PARA CUMPRIMENTAR O DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)

ANEXO II.b. MODELO DE DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

ANEXO III. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES



Xacobeo 2021



**ANEXO IV. REQUISITOS DE PERSONALIDADE, CAPACIDADE, SOLVENCIA
ECONÓMICA, FINANCEIRO E TÉCNICA**

**ANEXO V. MODELO DE COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA
CON MEDIOS EXTERNOS**

**ANEXO VI. MODELO DE COMPROMISO DE SUBCONTRATACIÓN POLO
SUBCONTRATISTA**

Prego de bases xurídicas informado favorablemente polo letrado da Xunta de Galicia, Asesor Xurídico de XENETICA FONTAO,S.A., agás no referente ás necesidades de contratación, competencia dos departamentos correspondentes, así como no que se refire á fiscalización do gasto derivado do presente contrato.

Asdo.: Juan José Lois Barcia.

De conformidade co establecido no artigo 122 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos del sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o órgano de contratación acorda aprobar o presente prego de bases xurídicas que consta de clausulado e anexos.

Asdo.: José Balseiros Guinarte

ANEXO I. MODELO DE COMPROMISO DE FORMALIZACIÓN DE UTE.

Don/Dona con NIF N°, actuando en nome e representación decon CIF N°e enderezo social en, Rúae n.º CP, e

Don/Dona con NIF N°, actuando en nome e representación decon CIF N°e enderezo social en, Rúae n.º CP,

DECLARAN BAIXO A SÚA PERSOAL RESPONSABILIDADE:

1. Que manifestan a súa vontade de constituír unha unión temporal de empresas (UTE) comprometéndose, en caso de resultar adxudicatarios do contrato obxecto de licitación, a formalizar a constitución da dita UTE en escritura pública.
2. Que concorren conxunta e solidariamente ao procedemento para a adxudicación da contratación de
3. Que a participación que cada empresa ostentará na UTE será a seguinte: (expresada en porcentaxe):
4. Que, aos efectos mencionados, todos os partícipes designan como representante único da UTE a.....
5. Que igualmente, todos os partícipes designan como enderezo único e válido para notificacións o seguinte:
6. Que, así mesmo, todos os partícipes comprométense a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico (só un):

E para que así conste, asinan o presente compromiso en, a de de 20....

Asdo.:

Asdo.:

(Sinatura autorizada e selo de todos os compoñentes da futura UT)

ANEXO II.a. ORIENTACIÓNS PARA CUMPRIMENTAR O DEUC

En aras de facilitar o enchemento por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) n.º 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

- a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta dentro do apartado titulado “Información xeral”, do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha “lista oficial de operadores económicos autorizados” só deberán facilitar en cada Parte do formulario aqueles datos e información que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas “listas oficiais”. Así en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no Rexistro de Licitadores que corresponda, xa sexa o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 341.1 da LCSP, a condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (dirección da internet, todos os datos de identificación e, no seu caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no ROLECE ou no RXCG, a continuación esta Recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben subministrarse, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitáremos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, debendo a empresa asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou estándoo non están actualizados, no seu caso concreto.

- b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores así mesmo ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a sustanciación do procedemento de contratación e para garantir o bo desenvolvemento do mesmo para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá esixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos. O artigo 59.5 DN matiza o establecido no apartado anterior do mesmo artigo ao eximir aos licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo Rexistro de licitadores que corresponda [ROLECE ou RXCG].

Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

O seu cumprimento non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas Plataformas de contratación.

Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun Rexistro de Licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita nos mesmos ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

- Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC en todo caso, por non obrar en poder do ROLECE ou RXCG.
- Que datos son susceptibles de estar inscritos no ROLECE ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cumprimentar no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se, no seu caso concreto, eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan no mesmo de maneira actualizada.

Parte II. Información sobre o operador económico

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECE ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste apartado deben ser enchidos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españolas, ou NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	
Se fose o caso ¿figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)? En caso afirmativo: -Rexistro no que está inscrito e nº de inscrición	Si () Non () Non Procede () () ROLECESP () Rexistro Xeral de contratistas da C.A. de Galicia () ROLECESP: https://registrodelicitadores.gob.es , Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (Como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa.) () Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS Si () Non () Si () Non () Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación () Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia
Certificación en formato electrónico	
Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista	
Coa clasificación cúmprense todos os criterios de selección? En caso negativo cumprimente a parte IV deste formulario (seccións A, B, C ou D, segundo proceda.	

Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera estado que poida consultarse gratuitamente?	
Dispoñible en formato electrónico	
Forma de participación.	
Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?	Si () Non ()
En caso afirmativo b) Identifíquese aos demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.	Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa, No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar: () ROLECEP: https://registrodelicitadores.gob.es , Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (Como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa.) () Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia

Na Parte II, no apartado B, denominado *Información sobre os representantes do operador económico*, a sección dedicada á Representación non é necesario que sexa cumprimentada se o licitador está no Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección B	
Representación Nome e apelidos: Cargo: Enderezo Postal: Teléfono: Correo electrónico: Información sobre representación (forma, alcance, finalidade,...)	NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS

Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle referencia algunha á nosa lexislación, para facilitar o adecuado enchemento por parte das empresas desta Parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no ROLECE e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, n.º de Sección	DN	LCSP
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social).
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas con arranxo á Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
Sección C:		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade.).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 71.1.c).
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 71.1.b) (infracción grave en materia profesional).
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 71.1.b) (infracción grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 71.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 70.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 71.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 71.1, letra e) e 71.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 71.1.e).
Sección D	-----	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non () Se e afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:
---	--

Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da Parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, a saber, se os operadores económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios. Nese caso bastará responder SI ou NON no apartado titulado “*Indicación global relativa a todos os criterios de selección*” quedando excluído o enchemento dous apartados seguintes:

A: Idoneidade

B: Solvencia económica e financeira

C: Capacidade técnica e profesional

D: Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun Rexistro de Licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, a mesma non conste de maneira actualizada. Neste apartado novamente indícase, a modo orientativo respecto do ROLECE e do RXCG, que información ou datos poderían estar inscritos e cales non.

Parte IV. Criterios de selección

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECE?
A [«Indicación (...)»].	
A («Idoneidade»).	
Figura inscrito nun Rexistro profesional ou mercantil no seu estado membro de establecemento?	Non está no ROLECE, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no ROLECE, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no ROLECE cando con arranxo á lexislación nacional requírese unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	
O seu volume de negocios anual (xeral), durante o nº de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no ROLECE.
O seu volume de negocios anual (medio), durante o nº de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no ROLECE, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscribibles, indicados na pregunta anterior)
Se non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no ROLECE.
En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte...	Non está no ROLECE, pero todas as ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscribibles).
O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte.	Si podería estar no ROLECE.

Parte V.

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos aos que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cumprimentar esta parte unicamente cando se trate de procedementos

restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cumprimentada e asinada pola empresa interesada en todo caso.

ANEXO II.b. MODELO DE DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para os efectos de notificación:

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

☐ Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.

☐ Que nin o asinante da declaración nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes se atopan incursos en ningún suposto a que se refire o artigo 71 da LCSP.

☐ Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nesta.

☐ Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):

☐ Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no cal concorran algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

☐ Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no cal concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio.

A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte (se a relación de empresas é moi extensa xuntarase en documento anexo):

a)

b)

c)

...

☐ En relación á presente licitación presentan oferta as seguintes empresas vinculadas

a)

b)



c)
...

☐ Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, a entidade que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

☐ No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para efectos de notificacións, o nome e os apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto, e acompañoo o compromiso de formalización de UTE (achegase modelo como Anexo I).

☐ Que a condición da miña empresa é:

☐ PEME

☐ NON PEME

(A efectos de cumprimentar este apartado considerase PEME a empresa que ocupa a menos de 250 persoas e cun volume de negocio anual que non excede de 50 millóns de euros o cun balance xeral que non excede de 43 millóns de euros)

2. OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS.

De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola administración contratante e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requirida:

☐ SI

☐ NON

Excepcionalmente, se XF non puidese obter directamente e/ou por medios telemáticos a información / os datos necesarios para a resolución deste procedemento, poderá solicitar novamente ao interesado a achega dos referidos documentos.

3. CORREO ELECTRÓNICO PARA O EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

4. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 133 da LCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....
.....
.....
.....

Motivación:

.....

5. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado mediante a

Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179, do 19.9.2014).

6. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE (NO SEU CASO)

☐ Non achego documentación de desempate

☐ Comprométome a achegar a seguinte documentación de desempate:

.....
.....

7. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL (só para empresarios estranxeiros)

☐ Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato con renuncia, se for o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que me poida corresponder.

En, o ... de de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

ANEXO III. MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.

Don/Dona, con enderezo en, e provisto do DNI nº, en nome propio ou en representación da empresa....., con enderezo en, rúa con CIF número, decatado do anuncio publicado no perfil do contratante de XF. do día..... de.....de..... e das condicións, requisitos e obrigas sobre protección e condicións de traballo que se esixen para a adxudicacións do contrato de.....comprométese a tomar ao seu cargo a execución das mesmas, con estrita suxeición aos expresados requisitos,

1.- Oferto os seguintes vehículos:

	Marca	Modelo	Versión
1 vehículos tipo I			
1 Vehículo tipo II			
1 vehículo tipo III			

2.- Por un prezo TOTAL de (48 meses):

PREZO RENTING		
Prezo S/IVE	IVE (21%)	Prezo C/IVE

3.- Que oferto os seguintes prezos por quilometro non consumido:

PREZO QUILOMETRO NON CONSUMIDO		
Prezo S/IVE	IVE (21%)	Prezo C/IVE

4.- Oferto un prazo de entrega de _____ días.

5.- Oferto un prazo de entrega de vehículo de substitución de _____ horas.

6.- Que oferto as seguintes características técnicas:

Avaliable mediante cifras ou porcentaxes	VEHICULO TIPO I	VEHICULO TIPO II	VEHICULO TIPO III
Incremento de potencia			
Outros criterios:			
- Climatización			
- Axuda o aparcamento-sensores de proximidade			
- Retrovisores exteriores calefactables			
- Retrovisores exteriores eléctricos			
- Sensor de acendido automático de luces			
- Mando de audio e teléfono no volante			
- Control de velocidade			
- Limitador de velocidade			
- Identificador de sinais de tráfico			
- Detector de cambio involuntario de carril			
- Detector de ángulo morto			
- Chamada de emerxencia			

***(1) Poñer valor ou SI/NON segundo proceda**

Todo elo de acordo co establecido nos pregos de prescricións técnicas e bases xurídicas que serven de base á convocatoria, cuxo contido declara coñecer e acepta plenamente.

Na elaboración desta oferta tivéronse en conta as obrigas derivadas das disposicións vixentes en materia de fiscalidade, protección do medio ambiente, protección do emprego, igualdade de xénero, condicións de traballo, prevención de riscos laborais e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade, e á obriga de contratar a un número ou porcentaxe específico de persoas con discapacidade no seu caso.

Data e sinatura do licitador.

ANEXO IV. REQUISITOS DE PERSONALIDADE, CAPACIDADE, SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRO E TÉCNICA

- A declaración complementaria do Anexo II.b e o DEUC do Anexo II, que deberá ir no sobre electrónico A, versará sobre os requisitos establecidos no presente anexo.
- O adxudicatario proposto será o que acredite no seu momento a posesión e validez dos documentos esixidos no presente Anexo.

A. Documentos acreditativos da personalidade e capacidade:

1. Persoa xurídica: presentará:

- a. Copia auténtica da escritura de constitución ou modificación da sociedade e das dilixencias acreditativas da súa inscrición no rexistro mercantil.
- b. Deberá acompañarse un poder, orixinal ou copia compulsada, vixente e, de ser esixible, debidamente inscrito no Rexistro Mercantil, da persoa que actúa en nome e representación da persoa xurídica que participa no procedemento de contratación como licitador.
- c. Con independencia de que o licitador estea inscrito ou non no Rexistro Xeral de Contratistas, presentará en todo caso copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte vixente do representante do licitador.

2. Persoa natural: presentará:

- a. Con independencia de que o licitador estea inscrito ou non no Rexistro Xeral de Contratistas, presentará en todo caso copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte vixente.
- b. Se non actúa en nome propio:
 - i. Acompañará poder de representación, orixinal ou copia compulsada, e vixente, que o autorice a actuar en nome e representación da persoa física que participa no procedemento de contratación como licitador.
 - ii. Con independencia de que o licitador estea inscrito ou non no Rexistro Xeral de Contratistas, presentará en todo caso copia do Documento Nacional de Identidade ou Pasaporte vixente do licitador representado e do representante do licitador.

3. Cando se trate dun empresario non español, pero que sexa nacional de Estados membros da Unión Europea, a súa capacidade de obrar será acreditada pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado en que estea establecido.

4. Se o empresario fose estranxeiro non comunitario, deberá acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación expedida pola misión diplomática permanente ou oficina consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, que figura inscrita no rexistro local ou profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúa habitualmente no tráfico local dentro do ámbito das actividades ás que se refire o obxecto do contrato. Ademais, acompañará informe, expedido pola embaixada española no Estado correspondente, sobre a condición de ser este asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio, ou que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite, á súa vez, a participación de empresas españolas en forma substancialmente análoga.

5. O empresario estranxeiro, comunitario ou non, deberá presentar a documentación que achegue traducida oficialmente ao castelán ou ao galego. De presentarse algunha documentación noutro idioma ou lingua sen a tradución correspondente, XF resérvase a facultade de non considerar a citada documentación.

Ademais, deberá presentar declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois, de calquera orde, para todas as incidencias que, de xeito directo ou indirecto, puidesen xurdir do presente contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante.

6. Copia do último recibo do imposto de actividades económicas (IAE) posto ao cobramento, acreditativo de que o proponente exerce actividade relacionada co obxecto da contratación, ou declaración de estar exento.
7. Copia da tarxeta de identificación fiscal (CIF)
8. Certificación de estar ao corrente do pagamento das súas obrigas coa Seguridade Social respecto ao persoal laboral que traballa ao seu servizo.
9. Certificación de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
10. Certificación de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia.

B. Solvencia económica e financeira e técnica ou profesional

Para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica esixidos que se indican a continuación.

A clasificación do empresario acreditará a súa solvencia para a celebración de contratos do mesmo tipo e importe que aqueles para os que obtívose e para cuxa celebración non se esixa estar en posesión da mesma.

Solvencia económica e financeira

O criterio para a acreditación da solvencia económica e financeira será o volume anual de negocios do licitador que, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, será igual ou superior ao valor estimado do contrato multiplicado por 1,5 (**64.000,00 € x 1,5 = 96.000€**)

O volume anual de negocios acreditarase polos licitadores:

- Por medio das súas contas anuais:
 - Aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito no dito Rexistro.
 - Ou polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito
- Mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil se os licitadores son empresarios individuais.

En todo caso, a inscrición no ROLECSP ou no RXC-Galicia acreditará, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

Solvencia técnica e profesional.

Solvencia técnica e profesional.

A demostración da solvencia técnica ou profesional será acreditada por parte do empresario pola acreditación dos principais servizos ou traballos efectuados durante os tres últimos anos, incluído importe, datas e beneficiarios públicos ou privados destes.

De acordo con isto, o contratista deberá cubrir o seguinte cadro:

RELACIÓN DE TRABALLOS SEMELLANTES NOS ÚLTIMOS TRES ANOS					
DENOMINACIÓN	PRESTACIÓNS INCLUÍDAS NO CONTRATO	IMPORTE	DATA	BENEFICIARIO	DATOS CONTACTO BENEFICIARIO
•					
•					

Os servizos acreditaranse:

- Por medio de certificados emitidos ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público.
- Ou, de ser un suxeito privado, por medio de certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario licitador, nos termos sinalados no apartado a) do artigo 90 da LCSP.

Neste suposto reputarase solvente aquela persoa física ou xurídica que declare ter executado en conxunto traballos do mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, por un importe anual acumulado no ano de maior execución igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato (64.000,00-€) durante os últimos tres anos.

En todo caso, a clasificación do empresario nun determinado grupo ou subgrupo terase por proba bastante da súa solvencia para os contratos cuxo obxecto estea incluído ou correspóndase co ámbito de actividades ou traballos de dito grupo ou subgrupo, e cuxo importe anual medio sexa igual o inferior ao correspondente á súa categoría de clasificación no grupo ou subgrupo.

A tal efecto, para a consideración de servizos de igual ou similar natureza aos do obxecto do contrato, tomarase como criterio de correspondencia a igualdade entre os dous primeiros díxito dos respectivos códigos CPV.

ANEXO V. MODELO DE COMPROMISO PARA A INTEGRACIÓN DA SOLVENCIA CON MEDIOS EXTERNOS (Unha declaración por cada entidade que pon a disposición do licitador a súa solvencia ou medios se son máis dunha).

D./Dña, con DNI número....., en nome e representación da entidade, con NIF....., ao obxecto de participar na contratación denominada convocada por XF.

E

D./Dña, con DNI número....., en nome e representación da entidade, con NIF.....

Comprométense, de conformidade co disposto no artigo 75 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a:

- En representación da entidade.....(que dispón da solvencia ou dos medios) poño a disposición da entidade..... (que licita ao presente procedemento) a seguinte solvencia ou medios:
 -
 -
- Durante toda a execución do contrato dispoñerán efectivamente da solvencia ou medios que se describen neste compromiso.
- A disposición efectiva da solvencia ou medios descritos non está sometida a condición ou limitación algunha.
- A entidade que pon a disposición da entidade licitadora a solvencia ou os medios requiridos asume a responsabilidade subsidiaria polas obrigas e responsabilidades derivadas do contrato para a empresa contratista.

Data

Sinatura do licitador.

Sinatura da outra entidade.

ANEXO VI. MODELO DE COMPROMISO DE SUBCONTRATACIÓN POLO SUBCONTRATISTA

D./Dña, con DNI número....., en nome e representación da entidade, con NIF....., ao obxecto de participar na contratación denominada..... convocada por XF.

COMUNICO:

1. Que teño a intención de subcontratar con terceiros a/s seguinte/s parte/s do contrato:

Prestacións obxecto de subcontratación	Porcentaxe	Identificación do/s subcontratista/s

2. Que xúntanse o/s compromiso/s do/s subcontratista/s **poñendo a disposición do licitador os medios que necesite para a execución do contrato se resultara adxudicatario**, asinado/s e selado/s por ambas entidades (licitador e subcontratista).
3. Que, de resultar adxudicatario achegarei a acreditación da aptitude do/s subcontratista/s para a execución da/s prestación/s por referencia elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia na execución destes traballos, así como unha declaración do/s subcontratista/s de que non se encontra/n incurso/s en prohibición para contratar de acordo co artigo 71 do LCSP.

Data

Sinatura do licitador

PREGO DE PRESCRIPCIÓN TÉCNICAS PARTICULARES CORRESPONDENTE AO CONTRATO MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA O SUMINISTRO DE TRES VEHÍCULOS NA MODALIDADE DE RENTING PARA A SOCIEDADE MERCANTIL PÚBLICA AUTONÓMICA XENÉTICA FONTAO, S.A. (Expediente XF 5/2018).

1.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é o suministro de tres vehículos para uso da sociedade mercantil pública Xenética Fontao, SA. Mediante a modalidade de renting.

2.- CARACTERÍSTICAS DO SUMINISTRO

a) Vehículos TIPO I: Un (1) vehículo tipo furgoneta coas seguintes características.

- Vehículo tipo furgoneta con capacidade de almacenamento en chan plano.
- Chan de carga revestido en madeira (antideslizante).
- Elementos para sujeción de depósitos en paredes para termos de nitróxeno líquido.
- Rexillas de ventilación según normativa vixente para o transporte de termos con nitróxeno líquido en paredes laterais.
- Duas portas e Portón traseiro con ventana calefactable e limpialuneta.
- Potencia: 120 CV ou maior.
- Tipo de combustible: Diesel.
- Tipo de cambio: manual ou automático.
- Elemento de sujeción para remolque.
- Llantas de aleación.
- Conforme a norma emisiones.

b) Vehículos TIPO II: Un (1) vehículo tipo monovolumen de 5 portas coas seguintes características.

- Turismo cun mínimo de 5 plazas do segmento de mais de catro metros tipo monovolumen, con capacidade de maletero extensible por plegado de asentos posteriores en chan plano.
- Potencia: 120 CV ou maior.
- Tipo de combustible: Diesel.
- Tipo de cambio: manual ou automático.
- Llantas de aleación.
- Conforme a norma emisiones.

c) Vehículo III: Un (1) vehículo tipo utilitario de 5 portas coas seguintes características.

- Turismo de 5 portas do segmento de entorno a catro metros.
- Potencia mínima de 75 CV.
- Tipo de combustible: Diesel/gasolina
- Tipo de cambio: manual ou automático.
- Llantas de aleación.
- Conforme a norma emisiones.

d) EQUIPAMENTOS MÍNIMOS DOS VEHÍCULOS.

Equipamento mínimo interior:

- Equipo de audio.
- Maos libres(para teléfono).
- Peche centralizado con mando a distancia.
- Aire acondicionado.

- Elevalunas eléctrico.
- Volante axustable en altura e profundidade.

Equipamiento de seguridad de serie:

- Dirección asistida.
- Sistema de frenado ABS.
- Airbags de protección de conductor e pasaxeiros.
- Limpiaparabrisas.
- Luces antiniebla dianteiras e traseiras.

Equipamiento de Empresa.

- Entrega dun vehículo de substitución por razóns de mantemento, avaría, sinistro o calquera outra non imputable a XF.
- Rotulación dos vehículos según imaxe corporativa empresa e cor gris.
- Dispositivo de enganche de remolques nos vehículos tipo I e Tipo II.
- GPS que deberá ser actualizado unha vez o ano dende o inicio do contrato.

Os servizos mínimos a incluír no arrendamento son os seguintes:

- Renting de tres vehículos por un prazo de 48 meses.
- Mantemento integral dos vehículos, ITV e reparacións.
- Asistencia en carretera dende o Km 0 (incluíndo mao de obra e pezas de reparación en carretera).
- Asistencia 24 horas.
- Seguros e protección total auto.
- Imposto especial de matriculación e matriculación incluída.
- Imposto de circulación.
- Substitución de pneumáticos (12 unidades adicionais mínimo).
- Xestións de compra, entrega, matriculación.
- Xestión de multas.
- Documentación de servizo e manual de condutor.

Entrega dos suministros: Os vehículos obxecto do presente contrato serán novos e pendentes de matriculación. Os vehículos deberán entregarse rotulados, correctamente matriculados e en condicións legais e técnicas para circular inmediatamente. A entrega dos vehículos farase efectiva na empresa Xenética Fontao, SA. Verificándose polo persoal da empresa encargado da súa recepción, que estes se adecúan as características esixidas e o obxecto da proposición.

3.- MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS

- O contratista deberá contar cos recursos materiais e humanos axeitados as prestacións e finalidade do contrato.

Lugo,de outubro de 2019

O Presidenta do Consello de Administración de Xenética Fontao, S.A.

Asdo.: José Balseiros Guinarte